

O Concello de Pontedeume conta con lugares máxicos, algún dos cales de especial cariño para os eumeses e eumesas. Tal é o caso da ermida de San Miguel de Breamo, a onde peregrinamos en romaría dúas veces ao ano (8 de maio e 29 de setembro) percorrendo un camiño que nos leva desde a vila ata o cumio do monte e que reforza, como a maioría das romaxes e festas tradicionais, os vínculos sociais da comunidade e a nosa identidade.

Ao longo dos seus case 3 qm. a ruta a Breamo atravesará fermosas paraxes naturais e, a medida que ascendemos, gozaremos de magníficas panorámicas sobre a parte alta da vila de Pontedeume, a ría de Ares, o esteiro do Eume e o Castelo de Andrade. O principal protagonismo recae na historia, arquitectura e arte da ermida de San Miguel, aínda que o percorrido tamén reserva numerosos puntos de interese histórico, artístico, etnográfico e antropolóxico.



Desde o Torreón dos Andrade imos ata a **IGREXA DE SANTIAGO**, con capela maior do século XVI e resto do edificio barroco, financiado polo arcebispo eumés de Compostela don Bartolomé Rajoy y Losada entre 1757/63. Trátase dun dos templos máis grandes do Camiño Inglés, con retablo renacentista e unha escultura do Apóstolo Santiago do século XIV no interior.

Ascendemos desde o adro polas escaleiras que levan á rúa Fontenova, onde estaba situada a antiga porta do "Postigo", unha das seis que tivo a muralla de

- 1 -



Continuamos por un pendente tramo de pista que nos leva ata o alto do lugar das Pedridas namentres contemplamos unha das mellores vistas da ruta. Nese punto atopamos unha casa que, ademais dun pequeno **hórreo**, conta cun cruceiro. Non se trata dun cruceiro "histórico" no senso de que non é especialmente antigo nin está ligado a unha construción relixiosa, encrucillada ou acontecemento funesto, pero aínda así constitúe un exemplo da particular relixiosidade popular galega. Nos cruceiros destacan os trazos artísticos pero sobre todo o seu compoñente inmaterial e etnográfico, pois arredor deles xurdiron crenzas, lendas, ritos e costumes que aínda caracterizan a idiosincrasia do pobo galego. Este cruceiro conta cunha imaxe de Cristo crucificado no anverso; unha imaxe da Asunción da Virxe María no reverso; e no fuste unha imaxe do Apóstolo Santiago como peregrino.



Pasado este chalé viramos á dereita para tomar o tramo final do camiño, que ademais é a parte máis relevante desde o punto de vista histórico e antropolóxico. Trátase dun camiño empedrado duns 800 m. (recollido no Catálogo de Patrimonio Cultural como "**CAMIÑO HISTÓRICO**") que era percorrido pola procesión procedente da igrexa de San Pedro de Vilar, parroquia á que pertence a ermida de San Miguel. A imaxe do patrón (San Pedro) realizaba visita ao seu veciño (San Miguel), reforzando o sentimento territorial, de comunidade e identidade da parroquia. Esta procesión chegaba de Vilar polo lugar das Pedridas, e desde aquí continuaba cara o cumio do monte por este camiño.

- 4 -

Pontedeume que neste lugar conserva os seus derradeiros restos. Aquí atopamos unha **casa de estilo modernista** e vemos símbolos xacobeos, xa que percorremos durante uns metros o Camiño Inglés a Santiago.



Ascendendo pola rúa Fontenova (cunha fonte na parte baixa e outra máis antiga na parte alta), a uns 100 m., chegamos ao primeiro punto sinalizado, en cor laranxa, que marca o inicio da ruta. A partires daqui o itinerario está indicado mediante sinais desta cor, debendo continuar polo mesmo camiño namentres non atopemos a seguinte.

Nada máis comezar temos o primeiro elemento de interese, unha singularidade do patrimonio eumés: as "**ESCALEIRAS DO MONUMENTO**", duns 50 m. de lonxitude en dous tramos, con arboredo autóctono ao remate. Incluídas dentro do Catálogo de Patrimonio Cultural do Concello de Pontedeume e como tal obxecto de protección, deben o nome á súa semellanza coas escaleiras de acceso ao Sagrario no antigo Monumento, unha arquitectura efémera que se realizaba na igrexa parroquial de Santiago o día de Xoves Santo.



O seguinte tramo conta con puntos de pendente destacada pero a cambio recompénsanos con **fermosas vistas** sobre Pontedeume. Chegamos así ata o lugar de Vistalegre, cuxo topónimo dá conta da súa inmejorable situación para contemplar a beleza desta paraxe.



- 2 -



Finalizado este tramo alcánzase a cima e o remate da ruta sinalizada, nun espazo senlleiro da xeografía galega, con lendas e posible asentamento prerromano (monte "Brigamo", palabra de etimoloxía céltica que significa "monte supremo"). Conta con merendeiro e, sobre todo, cun dos templos máis emblemáticos do románico galego: a **ERMIDA DE SAN MIGUEL DE BREAMO**. Rematada no ano 1187, é o que se conserva dun antigo priorado real de coengos regulares de Santo Agostiño coas seguintes particularidades: planta de cruz latina pero tres ábsidas; abovedada por completo cunha das primeiras bóvedas de crucería no transepto; e cunha escultura de San Miguel Arcanxo pesando as almas datada no século XIV.



www.pontedeume.gal
www.facebook.com/concellodepontedeume
correo@pontedeume.gal



Aquí en Vistalegre, a uns 50 m. a man esquerda segundo se ascende, podemos achegarnos ata a "**FONTE-LAVADOIRO DE VISTALEGRE**". Fontes e lavadoiros cumprían un papel fundamental para a economía doméstica pois nelas os fogares abastecíanse de auga e lavábase a roupa. Ao mesmo tempo, eran espazos para a sociabilidade pois nelas había encontros, conversas, intercambios de novas, etc. Esta fonte-lavadoiro conta cun único cano nun muro rematado por frontón triangular, e a auga cae sobre un pío granítico rectangular.



Volvendo á ruta chegamos, tras subir unhas escaleiras, a un cruceiro no que podemos ver unha **casa de tipoloxía indiana**, arquitectura propia dos retornados da emigración, cunha torre-miradoiro singular. As casas indianas destacan polas formas pouco frecuentes, o emprego de cores rechamantes ou a existencia dun xardín con especies exóticas (como as palmeiras, pouco correntes no seu momento). En fronte outra casa conta cun hórreo catalogado como BIC. Os hórreos son un dos elementos máis característicos da cultura tradicional galega, erixidos para preservar a colleita illada do chan e dos roedores, xeralmente preto da eira (onde se separaba o gran da palla) e nun lugar aireado. Na comarca do Eume predomina o tipo "Cabanas": planta rectangular, tornarratos de pedra, cámara con táboas en vertical e separadas para a ventilación, cuberta de lousa a dúas augas e acceso a través dunha escaleira ata unha única porta nun dos costais. É habitual que teñan unha cruz a modo de protección contra o mal.


- 3 -

ROTEIRO PEONIL A ERMIDA DE SAN MIGUEL DE BREAMO



ROTEIRO PEONIL SAN MIGUEL DE BREAMO


Concellería de Turismo



Ermida de San Miguel de Breamo



IGREXA DE SANTIAGO



CASA MODERNISTA



ESCALEIRAS DO MONUMENTO



FONTE - LAVADOIRO DE VISTALEGRE



CASA INDIANA



HÓRREO



CRUCEIRO



CAMIÑO A BREAMO



PANORÁMICA

